

ACORDO ENTRE PSdeG-PSOE E BNG PARA O GOBERNO DA DEPUTACIÓN DE LUGO 2019-2023

Os grupos do PSdeG-PSOE e do B.N.G. na Deputación de Lugo acordan asinar un pacto de goberno para o mandato 2019-2023, cuxas liñas xerais se recollen no presente documento:

A asistencia, cooperación e colaboración cos concellos reafirmase como a competencia nuclear da Deputación, presidida polo mutuo recoñecemento entre iguais, garantindo que a autonomía municipal sexa realmente efectiva. Apostaremos por impulsar a maior transferencia de recursos económicos posibles aos concellos respectando as singularidades que lles son propias. Todo isto enmarcado dentro dun sistema racional e eficiente que procure prestar en rede os mellores servizos á cidadanía a un menor custe.

Un eixo fundamental de traballo será a procura do adelgazamento das deputacións, emprazando a Xunta a iniciar e comprometerse en procesos sobre o traspaso de infraestruturas, equipamentos, centros e servizos que deban ser transferidos á comunidade autónoma. Isto farase respectando en todo momento os dereitos laborais das traballadoras e traballadores dos centros e servizos que resultaran afectados.

O acordo de goberno, alén de servir para poñer en valor a cultura do diálogo e do consenso na vida pública, baséase en posibles políticas que primen o aspecto transformador destas sobre a realidade social, destacando o aspecto ético na xestión do público, garantindo a participación da sociedade civil na práctica do goberno e dando resposta eficaz ás diferentes problemáticas da cidadanía.

Socialistas e nacionalistas apostamos por un goberno na Deputación de Lugo que dea resposta a novos retos orientados ás necesidades das maiorías sociais.

Poñendo en valor a vontade cidadá, o Partido Socialista de Galicia-PSOE e o Bloque Nacionalista Galego expresan o seu compromiso compartido de levar a cabo as seguintes medidas de xeito transversal:

1. Afianzar o principio de cooperación interinstitucional co obxectivo de garantir a prestación dun mínimo de servizos públicos comúns homoxéneos en toda a provincia, e de realizar un aproveitamento e administración máis eficaz dos recursos públicos.
2. Garantir os principios da ética e a transparencia na gobernación pública da institución provincial.
3. Aplicar a normativa do uso lingua galega e mellorar os recursos existentes para desenvolver unha verdadeira política de Normalización lingüística, utilizando o galego en toda a documentación interna e externa e facendo uso da nosa lingua todas as persoas que exerzan cargos públicos cando representen á institución.
4. Garantir o uso da linguaxe inclusiva na documentación xerada na institución.
5. Estudar o impacto de xénero en todas as accións que se realicen, impulsando aquelas medidas que se consideren prioritarias do Plan de Acción das Políticas de Igualdade.

6. Estudar e apostar por medidas de concienciación medioambiental que conxuguen a aposta pola xestión e o desenvolvemento do territorio e o respecto polo mantemento e singularidade deste.
7. Impulsar a aplicación da Lei da Memoria Histórica e fomentar as accións para o seu coñecemento
8. Apostas como a anterior garantirán a presenza das persoas no seu territorio contribuíndo ao asentamento da poboación e con iso freando o despoboamento que afecta ao noso rural.

Compromisos programáticos e medidas a curto prazo

1. Crear dunha vicepresidencia única que manteña as competencias recollidas no Regulamento Orgánico e na lexislación vixente.
2. Mellorar a celeridade das accións administrativas coa delegación de sinatura para todas as áreas.
3. Mellorar os trámites internos mediante a adaptación do Regulamento Orgánico
4. Transferir á Xunta aquelas competencias que lle son impropias ao ente provincial para o cumprimento dos seus fins
5. Limitar a partir do ano 2020, a 5% máximo do orzamento inicial as cantidades dedicadas a subvencións excepcionais, xustificando en todo caso o interese xeral
6. Incrementar significativamente a porcentaxe dedicada ao Plan Único para os Concellos, para acadar ao término do mandato o 25% de incremento sobre o destinado no ano 2019. Isto farase sempre e cando non se reduza o orzamento da Deputación; ademais incrementaranse ao Plan Único, ata chegar a esa porcentaxe, os recursos liberados das transferencias á Xunta das competencias impropias.
7. Traballar para disolver coa máxima celeridade a Sociedade Pública Mercantil, SUPLUSA
8. Dado que a Deputación se ve obrigada a soste a rede provincial de estradas máis ampla do Estado, é imprescindible **completar o proceso de transferencias** coa Xunta de Galicia e os concellos, regulando as casuísticas obsoletas e actualizando a titularidade das Administracións sobre as estradas na provincia.
9. O Goberno provincial instará as Administracións competentes a completar o mapa de estradas e camiños de ferro que garantan a mobilidade provincial presente e futura.
10. Manter a colaboración co **Campus Universitario** de Lugo, co-financiando diferentes programas. Soste liñas de colaboración coa **Universidade**

Nacional de Educación a Distancia nos centros de Lugo, Monforte, Viveiro e Foz.

11. Apoiar o **sector agropecuario para incrementar a súa produtividade** e beneficio, establecendo redes de servizos que diminúan os custes e melloren a calidade de vida, garantindo a súa permanencia no rural.
12. Continuar apoiando o **tecido asociativo provincial** -baixo criterios obxectivos, transparentes e democráticos apostando polas subvencións en réxime de concorrencia competitiva, con fin de que sigan a desenvolver unha programación propia que poña en valor os seus recursos.
13. Promover e facer rendibles os recursos turísticos, patrimoniais e históricos coordinando os sectores público-privado mediante o Plan de Turismo Provincial existente.
14. Implementar novos mecanismos que faciliten a participación da cidadanía na vida pública, achegando a institución á sociedade.

Asinado en Lugo, 17 de xullo de 2019

José Tomé Roca

Polo Partido Socialista de Galicia

Tareixa A. Ferreiro Tallón

Polo Bloque Nacionalista Galego

